

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

## MINISTERIO DE EDUCACIÓN

**15093** *Corrección de erros do Real decreto 1146/2011, do 29 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1631/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á educación secundaria obrigatoria, así como os reais decretos 1834/2008, do 8 de novembro, e 860/2010, do 2 de xullo, afectados por estas modificacións.*

Advertido erro no Real decreto 1146/2011, do 29 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1631/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á educación secundaria obrigatoria, así como os reais decretos 1834/2008, do 8 de novembro, e 860/2010, do 2 de xullo, afectados por estas modificacións, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 182, do 30 de xullo de 2011, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 7, o anexo III queda substituído polo seguinte:

## «ANEXO III

**Asignación de materias da educación secundaria obrigatoria ás especialidades docentes dos corpos de catedráticos de ensino secundario e de profesores de ensino secundario**

Especialidades dos corpos	Materias da educación secundaria obrigatoria
Alemán.	Lingua estranxeira (alemán).
Bioloxía e xeoloxía.	Bioloxía e xeoloxía. Ciencias da natureza. Alimentación, nutrición e saúde.
Debuxo.	Educación plástica e visual.
Economía.	Orientación profesional e iniciativa emprendedora.
Educación física.	Educación física.
Filosofía.	Educación ético-cívica. Educación para a cidadanía e os dereitos humanos. Historia e cultura das relixións.
Física e química.	Física e química. Ciencias da natureza. Ciencias aplicadas á actividade profesional.
Francés.	Lingua estranxeira (francés).
Xeografía e historia.	Ciencias sociais, xeografía e historia. Orientación profesional e iniciativa emprendedora. Educación para a cidadanía e os dereitos humanos. Historia e cultura das relixións.
Grego.	Cultura clásica.
Inglés.	Lingua estranxeira (inglés).
Italiano.	Lingua estranxeira (italiano).
Latín.	Latín. Cultura clásica.
Lingua castelá e literatura.	Lingua castelá e literatura.

Especialidades dos corpos	Materias da educación secundaria obrigatoria
Matemáticas.	Matemáticas.
Música.	Música.
Orientación educativa.	Orientación profesional e iniciativa emprendedora.
Portugués.	Lingua estranxeira (portugués).
Tecnoloxía.	Tecnoloxías. Tecnoloxía. Informática.
Informática.	Informática.
Formación e orientación laboral.	Orientación profesional e iniciativa emprendedora.

Nota: Nos centros en que haxa profesores da especialidade de informática, estes terán preferencia sobre os de tecnoloxía para impartir a materia de informática. Nos centros en que haxa profesores da especialidade de economía, orientación educativa, formación e orientación laboral e xeografía e historia, seguirase esta orde de prelación para impartir a materia de orientación profesional e iniciativa emprendedora.»